



# CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Sesións Plenarias**  
**2018/G010/000003**

**A/O SECRETARIA/O, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)**

## CERTIFICA:

Que polo Pleno da Corporación, en sesión Ordinaria celebrada o mércores 28 de marzo de 2018, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

### **"8. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE ARTEIXO 2018-2021.**

Dase conta ao Pleno da Corporación do seguinte ditame:

### **"17. PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE ARTEIXO 2018-2021.**

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno o venres 23 de marzo de 2018 emitíuse o seguinte **DITAME**:

## **Proposta de Acordo**

### **Educación**

**Exp. 2018/G006/000178**

**Asuntos de Área de Presidencia e Planificación. Asuntos do Departamento de Alcaldía**

### **PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE ARTEIXO 2018- 2021**

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu preámbulo, expón que unha parte importante da actividade financeira do sector público se canaliza a través de subvencións co obxecto de dar resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades a través de medidas de apoio financeiro.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices da política presupostaria.

Un dos principios que rexen na lei Xeral de Subvencións é a transparencia. Con ese obxectivo, as Administracións deberán facer públicas as subvencións que concedan e, ao mesmo tempo, establecer a obriga de formar parte da base de datos de ámbito nacional que conteña información relevante sobre todas as subvencións concedidas. Desesta maneira, esa transparencia redundará de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia da xestión do gasto público subvencional.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

Na liña de mellora da eficacia, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 8.1, establece como elemento de xestión e instrumento de mellora a conveniencia de elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións que permita relacionar os obxectivos a acadar e os efectos que se pretenden conseguir cos custos previstos e a súa financiación. A finalidade é adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante as subvencións cos recursos disponibles, todo ilo con carácter previo á concesión.

Dende a perspectiva administrativa, as subvencións son unha técnica de fomento de determinados comportamentos considerados de interés xeral e, ademáis, un procedemento de colaboración entre a administración pública e os particulares para a xestión de actividades de interés público.

Existen unha grande diversidade de subvencións de distinta natureza que se conceden mediante procedementos complexos que deben ser obxecto de seguemento e control eficaces. Así, o plan estratéxico configúrase como complemento necesario para articular a concesión de subvencións.

En virtude da potestade regulamentaria atribuída ás entidades locais, o marco normativo xeral do plan estratéxico é o seguinte:

&#8226; Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

&#8226; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

&#8226; Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

&#8226; Ordenanza Xeral reguladora da concesión de subvencións municipais.

O Plan Estratéxico que se somete a aprobación, confecciónase con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobado o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Arteixo 2018-2021 co seguinte contido de teor literal:

&#8220;PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE ARTEIXO 2018- 2021

## PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera dos entes públicos responsables da xestión de subvencións: elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución , os

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

custos previsibles e as súas fontes de financiación, sujetándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8 foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios rectores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguemento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento.

Deste xeito, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións dedica no capítulo III de Disposicións Comúns das Subvencións, a Sección 1ª aos Plans Estratéxicos de Subvencións, e concretamente o artigo 14 ao seguemento dos mesmos.

Compre subliñar que a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5º pónse de manifesto que Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións. Igualmente o Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da devandita Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dedica o capítulo II aos Plans Estratéxicos.

A Ordenanza Xeral Reguladora da concesión de subvencións do Concello de Arteixo, aprobada definitivamente polo Concello Pleno por Acordo de data 30 de abril de 2009 atópase en vigor. Non obstante, será substituída pola Ordenanza municipal nº 26, Reguladora da concesión de subvencións municipais do Concello de Arteixo que foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación de dous de febreiro de dous mil dezoito, que entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente en sesión plenaria e publicada no BOP.

## ARTIGO 1. PRINCIPIOS XERAIS.

A xestión das subvencións axustarase aos principios legais xerais:

- a) Publicidade, transparencia, concurrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

A Lei de Subvencións de Galicia 9/2007 indica que os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduzca conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsións de recursos disponibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

O Concello de Arteixo non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa viña facendo en exorcizas anteriores dada a súa importancia para o tecido social, asociativo, cultural, deportivo do concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello de Arteixo aproba o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

### ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

O ámbito temporal do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Arteixo propónse para o período 2018-2021.

### ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xenera dereitos nin obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade Orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvencións, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

### ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é O Pleno da Corporación, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

## ARTÍGO 4. PERSOAS / ENTIDADES BENEFICIARIAS

O Concello de Arteixo concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

## ARTÍGO 5. LÍÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Arteixo resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concurrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento municipal de cada exercizo económico.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concurrencia competitiva; non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais.

As Líñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as líñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Líña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, as festas parroquiais, a xuventude e o fomento turístico de Arteixo nos seus distintos ámbitos.
- Líña 2: Fomento da acción social, emerxencia social, fomento do acceso á educación e á innovación tecnolóxica no seu desenvolvemento e protección das familias.
- Líña 3: Fomento do emprego e tecido empresarial no termo municipal

### 5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DEPORTE, DA CULTURA, DAS FESTAS PARROQUIAS, A XUVENTUDE E O FOMENTO TURÍSTICO .

#### a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral das asociacións sen ánimo de lucro existentes no Concello, con fins de carácter cultural, deportivo, xuvenil y turístico.

#### b) Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte o calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, traicionáís ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación dos xóvenes e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
- Fomentar la promoción del deporte federado das entidades deportivas.
- Facilitar o acceso á actividade físico deportiva do maior número de persoas
- Fomentar a promoción do deporte entre as entidades deportivas
- Coordinar co tecido asociativo a oferta deportiva para a xestión eficiente da programación deportivas municipal, mellorando a calidade do sistema deportivo municipal

### c) Prazo de execución:

Anual (agás circunstancias según contido do artigo 6)

### d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período 2018-2021 serán ata o máximo da disponibilidad das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercizo.

### e) Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas específicas.

### f) Procedimiento de concesión:

O procedemento de concesión realizarase, en xeral, por concurrencia competitiva e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento e para as axudas directas extraordinarias por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

### g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

concesión que poidan suscribirse ou dictarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

5.2. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DA ACCION SOCIAL, EMERXENCIA SOCIAL, FOMENTO DO ACCESO Á EDUCACION E Á INNOVACION TECNOLÓXICA NO SEU DESENVOLVEMENTO E PROTECCION DAS FAMILIAS.

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades vitais sociais e educativas, o fomento innovación tecnolóxica no aprendizaxe e a conciliación de vida laboral e familiar como medida coadyuvante á normalización.

b) Obxectivos específicos:

- Solucionar as necesidades acreditadas polo departamento de Servizos Sociais relacionadas coa cobertura das necesidades vitais de carácter básico (alimentación, saúde, vestido e uso e mantemento da vivenda habitual).
- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo.
- Fomentar o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecemento no acceso a un dereito básico como a educación.
- Superar situacións de infravivenda.
- Colaborar coas familias para obter a satisfacción das necesidades básicas dos menores, cando a causa determinante do risco para o seu desenvolvemento proceda de situacións de carencia ou insuficiencia de recursos do seu medio familiar.
- Complementar e apoiar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.
- Colaborar cos proxectos educativos dos centros de ensino nos distintos niveis de ensino.
- Fomentar e apoiar programas de Igualdade e de loita contra a violencia de xénero.

c) Prazo: Convocatorias anuais

d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

### e) Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicación orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas.

### f) Procedimiento de concesión:

O procedemento de concesión realizarase en concurrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, que poderá prever, con carácter excepcional e sempre que se acredite a necesidade dende o Departamento de Servizos Sociais, por concesión directa.

### g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondientes bases de convocatoria.

## 5.3. SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO E TECIDO EMPRESARIAL NO TERMO MUNICIPAL.

a) Obxectivo estratéxico: Fomentar e incentivar a modernización e desenrolo das actividades propias do sector do comercio.

### b) Obxectivos específicos:

1. Axuda ás xestións de inicio de actividade empresarial en sectores que sexan de nova implantación así como os traicionáis xa producidos no Concello.

2. Fomentar o emprego nos distintos sectores, facilitando a incorporación de mozos, como medida paliativa ao desemprego.

### c) Prazo: Convocatorias anuais

### d) Custos previsibles:

Os custos previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

### e) Fontes de financiación:

O orzamento municipal, de conformidade coas aplicación orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas

### f) Procedemento de concesión:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

O procedemento de concesión se realizará en concurrencia competitiva.

g) Plan de actuación:

O plan de actuación para a execución de esta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

## ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elexible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións.

## ARTIGO 7. FINANCIAMENTO

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. Previo á concesión de calquera tipo de subvención procederase á tramitación da autorización do gasto correspondente.

A cantidade global inicialmente consignada para a acción de fomento non será inferior ao 5% da cantidade total inicial á que ascenda o Orzamento Municipal en cada exercicio.

## ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Dacordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, poderánse realizar pagos anticipados que supondrán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora de cada subvención, e nas bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiación do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexir en toda actuación pública poderán de forma motivada establecer a posibilidade de pagos anticipados.

## ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS

O control e seguemento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Arteixo, realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteiro.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

Intervención do Concello de Arteixo e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.

- Control e seguemento do Plan, que será recopilado pola Intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos tramitadores do procedemento de concesión das Subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuatrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación.
- A intervención analizará, xunto co informe de análise do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e cumprimento da regra do gasto da liquidación orzamentaria do exercicio vencido, en informe independente, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da execución do Plan Estratégico de Subvencións da anualidade correspondente indicando grado de execución e relevancia do mesmo respecto do análise xeral.

## ARTIGO 10. TRANSPARENCIA

Todas as subvencións concedidas polo Concello , en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, na web municipal, tanto no apartado Subvencións, como no Taboeiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica, no taboeiro de anuncios físicos, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de subvencións, indicando persoa ou entidade beneficiaria, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

## ANTECEDENTES DAS EXECUCIÓNS ORZAMENTARIAS DE FOMENTO 2.014-2.017:

## RESUMO ANUAL TOTAL DE EXECUCIÓN SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E DE CONCORRENCIA

2014

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos Totais consignados	Obrigações Recoñecidas
13448900	Protección civil		250.000,00 €	249.587,18 €
23248000	Promoción social		30.000,00 €	25.003,35 €
23548900	Juventud		2.000,00 € €	
23648900	Mujer		3.000,00 €	998,56 €
24148900	Fomento del empleo		120.657,00 €	111.778,64 €
32048900	Ad. gral de educación		378.241,68 €	176.993,19 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

33048901	Ad. gral de cultura	67.214,51 €	48.806,07 €
33848902	Fiestas populares y feste	75.000,00 €	58.119,00 €
34048900	Ad. gral de deportes	254.406,39 €	223.507,50 €
92048900	Administración general	1.000,00 €	€
<b>TOTAL</b>		<b>1.181.519,58 €</b>	<b>894.793,49 €</b>

24147000	Fomento del empleo	235.768,09 €	88.590,51 €
24147900	Fomento del empleo	21.000,00 €	21.000,00 €
32078000	Ad. gral de educación	38.800,00 €	38.265,32 €
33078000	Ad. gral de cultura	5.085,14 €	3.110,44 €
34078000	Ad. gral de deportes	30.000,00 €	21.000,00 €
92078000	Administración general	20.000,00 €	20.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>350.653,23 €</b>	<b>191.966,27 €</b>

2015

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos Totais consignados	Obrigacións Recoñecidas
13548900		Protección civil	250.000,00 €	249.525,62 €
23148900		Asistencia social primaria	33.000,00 €	26.494,96 €
24148900		Fomento del empleo	109.660,00 €	88.731,40 €
32048900		Ad. gral de educación	420.964,78 €	292.428,98 €
33448901		Promoción cultural	75.404,45 €	56.802,69 €
33848902		Fiestas populares y feste	86.475,00 €	68.595,00 €
34148900		Promoc. y fomento deporte	257.072,59 €	219.210,63 €
91248900		Órganos goberno	10.000,00 €	10.100,00 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos))



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

92048900 Administración general 200,00 € €

TOTAL 1.242.776,82 € 1.011.889,28€

47000 Fomento del empleo 218.894,79 € 70.293,13 €

24147900 Fomento del empleo 21.000,00 € 21.000,00 €

32078000 Ad. gral de educación 125.750,00 € 125.106,56 €

33478000 Promoción cultural 4.880,00 € 3.999,20 €

34178000 Promoc. y fomento deporte 39.000,00 € 39.000,00 €

TOTAL 409.524,79 € 259.398,89 €

2016

Pro. Eco. Descripción Créditos Totales consignados Obligaciones Reconocidas

13248900 Seguridad y orden público 21.000,00 € 21.000,00 €

13548900 Protección civil 250.000,00 € 248.152,43 €

23148900 Asist. social prim. 33.000,00 € 27.582,26 €

24148900 Fomento del empleo 127.780,00 € 110.202,62 €

32048900 Adm.Gral.Educac. 340.746,29 € 238.326,46 €

33448901 Promoción cultural 53.750,18 € 46.075,45 €

33848902 Fiestas pop. y festej. 67.300,00 € 50.374,00 €

34148900 Prom. y fom. deporte 271.956,22 € 268.430,30 €

91248900 Órganos de gob. 24.500,00 € 22.220,00 €

92048900 Admin. General 1.000,00 € - €

TOTAL 1.191.032,69 € 1.032.363,52€

32078000 Adm.Gral.Educac. 100.000,00 € 98.906,27 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos))



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

33478000	Promoción cultural	4.000,00 €	3.938,97 €
TOTAL	104.000,00 €	102.845,24 €	

2017

Pro. Eco. Descripción Créditos Totales consignados Obligaciones Reconocidas

13248900	Seguridad y orden público	21.000,00 €	21.000,00 €
13548900	Protección civil	250.000,00 €	249.839,63 €
23148900	Asist. social prim.	41.000,00 €	41.030,60 €
24148900	Fomento del empleo	123.160,00 €	100.909,92 €
32048900	Adm.Gral.Educac.	307.250,00 €	284.363,53 €
33448901	Promoción cultural	57.200,00 €	48.429,13 €
33848902	Fiestas pop. y festej.	75.000,00 €	32.125,00 €
34148900	Prom. y fom. deporte	262.550,00 €	226.811,99 €
91248900	Órganos de gob.	24.500,00 €	24.240,00 €
92448900	Particip. Ciudad.	26.000,00 €	3.000,00 €
TOTAL	1.187.660,00 €	1.031.749,80€	
32078000	Adm.Gral.Educac.	97.000,00 €	96.514,29 €
33478000	Promoción cultural	4.000,00 €	1.735,00 €
1522	78000 Conserv. y rehabl. edif.	100.000,00 €	- €
TOTAL	201.000,00 €	98.249,29 €	

DESGLOSE DO IMPORTE ESPECIFICO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS POR ANUALIDADES  
2014 NOMINATIVAS

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artexio.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos))



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

Pro.	Eco.	Descrición	Créditos Totais consignados	Obrigacións Recoñecidas
13448900		Protección civil	250.000,00 €	249.587,18 €
23248000		Promoción social	25.000,00 €	23.000,00 €
24148300		Fomento del empleo	70.000,00 €	- €
24148900		Fomento del empleo	70.000,00 €	65.432,46 €
32048900		Ad. gral de educación	33.750,00 €	33.750,00 €
33048901		Ad. gral de cultura	23.600,00 €	25.320,60 €
33848902		Fiestas populares y feste	31.000,00 €	21.700,00 €
34048900		Ad. gral de deportes	201.475,00 €	190.050,52 €
		<b>TOTAL</b>	<b>704.825,00 €</b>	<b>608.840,76 €</b>
24147900		Fomento del empleo	21.000,00 €	21.000,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>21.000,00 €</b>	<b>21.000,00 €</b>

## 2015 NOMINATIVAS

Pro.	Eco.	Descrición	Consignación bases	Obrigacións Recoñecidas
13548900		Protección civil	250.000,00 €	249.525,62 €
23148900		Asistencia social primaria	25.000,00 €	25.016,85 €
24148900		Fomento del empleo	70.000,00 €	70.000,00 €
32048900		Ad. gral de educación	104.750,00 €	101.350,00 €
33448901		Promoción cultural	32.700,00 €	17.598,00 €
33848902		Fiestas populares y feste	31.000,00 €	21.700,00 €
34148900		Promoc. y fomento deporte	224.175,00 €	206.075,00 €
		<b>TOTAL</b>	<b>737.625,00 €</b>	<b>691.265,47 €</b>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixos.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos))



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

24147900	Fomento del empleo	21.000,00 €	21.000,00 €
----------	--------------------	-------------	-------------

32078000	Ad. gral de educación	121.750,00 €	121.226,68 €
----------	-----------------------	--------------	--------------

TOTAL	142.750,00 €	142.226,68 €
-------	--------------	--------------

## 2016 NOMINATIVAS

Pro.	Eco.	Descripción	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas
------	------	-------------	------------------------------	--------------------------

13248900		Seguridad y orden público	21.000,00 €	21.000,00€
----------	--	---------------------------	-------------	------------

13548900		Protección civil	250.000,00 €	248.152,43€
----------	--	------------------	--------------	-------------

23148900		Asist. social prim.	25.000,00 €	21.000,00€
----------	--	---------------------	-------------	------------

24148900		Fomento del empleo	70.000,00 €	68.512,62€
----------	--	--------------------	-------------	------------

32048900		Adm.Gral.Educac.	104.750,00 €	89.205,55€
----------	--	------------------	--------------	------------

33448901		Promoción cultural	22.800,00 €	20.822,50€
----------	--	--------------------	-------------	------------

34148900		Prom. y fom. deporte	220.750,00 €	213.224,08€
----------	--	----------------------	--------------	-------------

TOTAL	714.300,00 €	681.917,18€
-------	--------------	-------------

32078000		Adm.Gral.Educac.	95.000,00 €	94.313,31 €
----------	--	------------------	-------------	-------------

TOTAL	95.000,00 €	94.313,31€
-------	-------------	------------

## 2017 NOMINATIVAS

Pro.	Eco.	Descripción	Créditos Totales consignados	Obligaciones Reconocidas
------	------	-------------	------------------------------	--------------------------

13248900		Seguridad y orden público	21.000,00 €	21.000,00 €
----------	--	---------------------------	-------------	-------------

13548900		Protección civil	250.000,00 €	249.839,63 €
----------	--	------------------	--------------	--------------

23148900		Asist. social prim.	35.000,00 €	39.030,60 €
----------	--	---------------------	-------------	-------------

24148900		Fomento del empleo	70.000,00 €	63.765,92 €
----------	--	--------------------	-------------	-------------

32048900		Adm.Gral.Educac.	79.500,00 €	78.866,74 €
----------	--	------------------	-------------	-------------

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.artaixo.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos))



# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

33448901	Promoción cultural	25.800,00 €	24.032,00 €
34148900	Prom. y fom. deporte	241.550,00 €	210.032,01 €
92448900	Particip. Ciudad.	6.000,00 €	3.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>728.850,00 €</b>	<b>689.566,90 €</b>
32078000	Adm.Gral.Educac.	92.000,00 €	91.877,13 €
	<b>TOTAL</b>	<b>92.000,00 €</b>	<b>91.877,13 €</b>

&#8230;&#8221;

SEGUNDO.- Ordear a publicación do presente Plan estratéxico no Boletín Oficial da Provincia.

Debate: Non se formulan intervencións.

Votación:

Votos a favor:

6 PARTIDO POPULAR de Arteixo

Abstencións:

2 PARTIDO SOCIALISTA de Arteixo

1 BLOQUE NACIONALISTA de Arteixo-Asambleas Abertas

1 TERRA GALEGA de Arteixo

Á vista do resultado da votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, en VOTACIÓN ORDINARIA e por MAIORÍA, ditamina favorablemente propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida.”

Deseguido, pola Alcaldía-Presidencia dase un turno de intervencións:

.../...

Non formulándose máis intervencións, a Alcaldía-Presidencia somete o asunto a votación.

Votación:

Votos a favor:

12 PARTIDO POPULAR de Arteixo

4 PARTIDO SOCIALISTA de Arteixo

2 TERRA GALEGA de Arteixo

Abstencións:

2 BLOQUE NACIONALISTA de Arteixo-Asambleas Abertas





# CONCELLO DE ARTEIXO

## SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09  
Fax: 981 60 24 17  
Email: secretaria@arteixo.org

Á vista do resultado da votación, o Alcalde-Presidente proclama adoptados, por MAIORÍA DOS/AS PRESENTES, os acordos transcritos no ditame que se deixa reflectido.”

E para que así conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultas do Texto definitivo da Acta, de orde e co visto e prace da Alcaldía-Presidencia.

Asdo dixitalmente.- A ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Asdo dixitalmente.- A/O SECRETARIA/O DO CONCELLO DE ARTEIXO